

NUMAX PRESENTA:

78 | XUÑO 2024

↑ *Eureka* (Lisandro Alonso), ESTREA 14 DE XUÑO.

Librería

En las manos, el paraíso quema

MÉRCORES 5 DE XUÑO ÁS 19H00

Presentación de *En las manos, el paraíso quema* (Anagrama) de **Pol Guasch.**
O autor estará acompañado polas poetas **Chus Pato** e **Jesús Castro Yáñez.**

En las manos, el paraíso quema
Pol Guasch
ANAGRAMA

17.9€

Amistad para adultos
Nao-Cola Yamazaki
SHIRO | 12,90€

O verán sen homes
Siri Hustvedt
HUGIN E MUNIN | 16,5€

Listas, guapas, limpias
Anna Pacheco
CABALLO DE TROYA | 15,90€

Los detalles
Ia Genberg
GATOPARDO | 17.95€

Cuál es tu tormento
Sigrid Nunez
ANAGRAMA | 18,90€

George. Mi amistad con una hurraca
Frieda Hughes
ERRATA NATURAE | 23€

Ons
Carlos Meixide
CARLOS MEIXIDE | 12€

Uxío e amigos
Martín Romero
ASTIBERRI | 14€

Presentacións | Xuño 2024

MARTES 4 ÁS 19H00
Presentación do libro ***War is over*** (Medulia) de **Pilar G. Rego.** A autora estará acompañada pola ilustradora **Carme Ayala**, o arqueólogo **David Barreiro** e a percusionista **Yolanda Porto.**

XOVES 20 ÁS 19H00
Presentación de *Pensar para atrás* (Tres Hermanas) de **JJ Richards.** A autora estará acompañada polo escritor **Luis Boullosa.**

VENRES 21 ÁS 19H00
Presentación de *trítono* (Malafera) de **Alfredo Vázquez** e *trans0* (Malafera) de **Branca Trigo** con conversa entre as autoras.



Selic 2024

Ven a vernos á Praza da Quintana

Do **12 ao 16 de xuño** estaremos na Praza da Quintana participando na **Semana do Libro** de Santiago de Compostela.

Cinema

Filme do mes:

O CEO VERMELLO ESTREA 14 XUÑ

Christian Petzold, 102', DE, VOSE
Con Thomas Schubert, Paula Beer

Unha pequena casa de vacacións xunto ao mar Báltico. Catro mozos, vellos e novos amigos, xúntanse. A medida que os bosques secos que os rodean comezan a prender, tamén o fan as súas emocións. Felicidade, luxuria e amor; pero tamén celos, resentimentos e tensións. Mentres tanto, o lume achégase e, pouco a pouco, as chamas están alí.

O director de *Phoenix* e *Ondina* recupera o seu mellor nivel nunha obra elegante no visual e complexa na confección de personaxes. «Un tónico para quen estea canso de personaxes simpáticos, abrazables, agradables, afíns e aburridos» (The New York Times).

Gran Premio do Xurado Berlinale 2023

Sesión Teta: Sábado 16 | 12:15h



BACK TO BLACK

ESTREA 7 XUÑ

Sam Taylor-Johnson, 122', ING, VOSE, +16
Con Marisa Abela, Eddie Marsan

Amy Winehouse empezou como cantante de jazz para acabar converténdose nunha superestrela da música gañadora dun Grammy. A súa vida truncouse en 2011, aos 27 anos, por causa do consumo de alcol e drogas. A película inspírase nas letras escritas por Amy para descubrir a excepcional muller detrás do fenómeno mediático.

HIT MAN. ASASINO POR CASUALIDADE ESTREA 7 XUÑ

Richard Linklater, 113', ING, VOSE, +16
Con Glen Powell, Adria Arjona

Gary Johnson é o tipo máis buscado de Nova Orleans. Un misterioso asasino a soldo... que traballa como infiltrado pola policía. Un día racha o protocolo para axudar a unha muller desesperada que foxe do seu marido maltratador.

🏆 **Sección Oficial Venecia 2023**

EUREKA ESTREA 14 XUÑ

Lisandro Alonso, 147', ING/ESP, VOSG, +16
Con Viggo Mortensen, Chiara Mastroianni

Eureka é unha ave que voa polo continente americano. Viaxa a través do tempo e do espazo, reflexando vidas atormentadas pola violencia colonial. Os paxaros non falan cos humanos, pero se puidésemos entendelos terían algunhas verdades que nos dicir.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2023**



NAUSICAÄ NO VAL DO VENTO ESTREA 21 XUÑ

Hayao Miyazaki, 116', XAP, VOSE/VE, 1984

Pasaron millóns de anos desde que unha guerra mundial arrasou o planeta. No Val do Vento vive Nausicaä, unha princesa guerreira que loita para que o mundo volva ser como antes. Enfronte terá o reino de Tolmekia, liderado pola princesa Kushana, que invade o Val do Vento.

DESCANSA EN PAZ

ESTREA 21 XUÑ

Thea Hvistendahl, 97′, NOR, VOSE, +16
Con Renate Reinsve, Anders Danielsen

Nun caloroso día de verán en Oslo, os mortos espertan misteriosamente e tres familias vense sumidas no caos cando os seus seres queridos falecidos volven a eles. Quen son e que queren?

🏆 **Mellor Música e Premio do Xurado Sundance 2024**

DO REVÉS 2 (INSIDE OUT 2) ESTREA 28 XUÑ

Kelsey Mann, 100′, ING, VOSE/VE
Na secuela do *Inside Out* (2015), de Disney e Pixar, regresamos á mente dunha Riley recén entrada na adolescencia xusto no intre en que o Cuartel Xeral está a sufrir unha reforma para lle facer oco a algo totalmente inesperado.

Petís NUMAX

ℹ Sesión neurodiversa adaptada: Sábado 1 | 12:00h

SIROCCO E O REINO DOS VENTOS

PASES ÚNICOS 1-2 XUÑ

Susanne Seidel, 80, VE, +6
Juliette e Carmen, de 4 e 8 anos, son dúas intrépidas irmás que, durante un momento de aburrimento, descobren unha pasaxe secreta cara ao mundo do seu libro favorito, O Reino dos Ventos. Transformadas en gatas, as cativas son encarceradas e separadas unha da outra.

🏆 **Premio do Público Annecy 2023**

Os ollos verdes



MAMÁNTULA PASES ÚNICOS 3 E 10 XUÑ

Ion de Sosa, 49′, ESP, VO, +18
Con Lorena Iglesias, Moisés Richart

Mamántula é o rapaz ao que todos desexan, pero tamén unha araña xigante travestida de humano, froito dun breve encontro no Tiergarten berlinés nun pasado alternativo de saunas brutalistas, interminables corredores de metro e detectives con sombreiro e gabardina.

🏆 **Zabaltegi-Donostia 2023**

Pere Portabella

PONT DE VARSÒVIA PASE ÚNICO 4 XUÑ

Pere Portabella, 84', ESP, VO, 1989
Con Paco Guijar, Jordi Dauder

Un director de orquestra e unha profesora coinciden nun cóctel cun escritor que acaba de gañar un importante premio. Ao evento acode un xornalista que pregunta ao autor pola trama do libro, pero este non sabe que contestar.

Ogawa Productions

Presentación e coloquio co investigador Ricardo Matos Cabo | Sábado 15 de xuño ás 18h

SANRIZUKA -CAMPESIÑOS DA SEGUNDA FORTALEZA

PASES ÚNICOS 11 E 15 XUÑ

Shinsuke Ogawa, 143', XAP, VOSE, 1971
Un fito fundamental da historia do documental xaponés e cuarta dunha serie de sete películas dirixidas polo colectivo cinematográfico Ogawa Productions que documenta o longo movimento de protesta do campesiñado contra a construción do novo aeroporto de Narita en Sanrizuka.

CINEMA +100

O ÚLTIMO PASE ÚNICO 18 XUÑ

F.W. Murnau, 84', ESP, VOSE, 1924
Con Emil Jannings, Maly Delschaft

Clásico do cinema mudo alemán protagonizado polo grande Emil Jannings no papel do porteiro dun luxoso hotel que é degradado ao posto de mozo de lavabos. Privado do seu antigo traballo e do uniforme que o identifica, tenta ocultar a súa nova condición.

In memorian Roger Corman

O INTRUSO PASE ÚNICO 24 XUÑ

Roger Corman, 84', ING, VOSE, 1962
Con William Shatner, Frank Maxwell

Un home con traxe branco chega a unha pequena vila do Sur dos Estados Unidos en vésperas da integración. O seu nome é Adan Cramer e autoproclámase reformador social. Pero o seu obxectivo é incitar á poboación branca a que non permita que os nenos negros entren na escola da vila.

Feitizo de Bulle Ogier

LE PONT DU NORD

PASE ÚNICO 25 XUÑ

Jacques Rivette, 129', FR, VOSE, 1981
Con Bulle Ogier, Pascale Ogier

Marie acaba de saír de prisión e xa non atura máis vivir entre catro paredes. Mentres camiña por París crúzase con Baptiste, unha moza moi estraña que se converte no seu anxo da garda. Xuntas deberán resolver un escuro asunto no que está involucrado Julien, a exparella de Marie.

Biennale Venezia 1982

Pases especiais

IN RESTLESS DREAMS: THE MUSIC OF PAUL SIMON

PASE ÚNICO 27 XUÑ

Alex Gibney, 209', ING, VOSE
Con Paul Simon

Paul Simon visita o estudio de gravación do seu novo álbum, "Seven Psalms" e repasa as súas seis décadas de carreira con innumerables cumios musicais, desde *Sounds of Silence* até *Graceland*.

Pase incluído no Ciclo Voices (Sala Capitol) organizado por I-Radia Crea

THE CAMINO VOYAGE

PASE ÚNICO 19 XUÑ

Donal O'Ceilleachair, ING, 97'
Un escritor, dous músicos, un artista e un canteiro embárcanse no Camiño de Santiago por mar, nunha perigosa odisea a bordo dun barco tradicional desde Irlanda até Galicia.

A cor das palabras 2024

Encontros con cineastas

Ricardo Matos Cabo

Ogawa Productions e Sanrizuka: a loita contra a construción do aeroporto de Narita

Domingo 16 de xuño | 11:30
Cinema NUMAX

Entrada gratuíta até completar aforo reservas en acordaspalabras@santiagodecompostela.gal

Organiza: CONCELLO DE SANTIAGO

Colaboran: ATHÉNÉE FRANÇAIS CULTURAL CENTER · NUMAX


NUMAX
Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE · MEDIA SUB-PROGRAMME
Co patrocinio de
AAAAAAAAgencia
GGGGGGGGráfica
Síguenos en @numaxcoop